

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

O Barroco é o período histórico que abrangue aproximadamente dende o nacemento da ópera, arredor do ano 1600, ata o 1750, ano da morte de Bach.

·Vívese unha época de **crise**, tanto económica, coma espiritual, por causa dunha recesión económica importante.

·**A nivel social**, a burguesía loita por ter maior poder político (ata daquela nas mans da monarquía, nobreza e alto clero). Ademais, existen moitos enfrentamentos militares entre estados e nacionalidades. Por último, **os conflitos armados** provocados polas diferenzas relixiosas entre países protestantes e católicos.

·**As artes van converterse en factores de propaganda institucional, amosando o poder dos estados e da igrexa.** Un exemplo é o de Bernini, que amosa de maneira grandiosa a forza da fe católica, mentres que Vermeer e os seus coetáneos retratan escenas da vida cotiá burguesa con realismo e, nas nacións gobernadas polas monarquías, edificios coma o pazo de Versalles.

Esta situación produce en todas as artes unha forte tendencia ao dramatismo, o que se chama en estética “**expresionismo**”. Da mesma maneira que o pintor xoga con diferentes técnicas, na música, teremos o **estilo concertato**, por exemplo entre orquestra (*tutti*) e solistas (*concertino*), ou o **contraste** entre os diversos timbres da orquestra, a contraposición de tempos rápidos e lentos, a intensificación da forza emocional das palabras nos estilos recitativo...

Na actualidade, o termo “**barroco**”, utilízase para describir un período da Historia da Arte (pintura, escultura, arquitectura) e non só da Música, e foi proposto no s.XX, facendo referencia á corrente estética e artística que se estende aproximadamente durante o s.XVII ata a primeira metade do XVIII en Europa.

·Naceu para falar despectivamente dunha maneira de tocar e de compoñer. A palabra “barroco” provén de distintas fontes. Por unha banda, “*barrueca*” e por outra, “**Baroco**”,

·O Barroco é un estilo predominantemente italiano e dende alí difundíuse por todo o continente. Durante a segunda metade do s.XVI **Venecia** converteuse nun importante centro musical. Aquí, os compositores *Andrea e Giovanni Gabrielli* xeneralizaron como procedemento expresivo nas súas obras o **policoralismo**, que consiste en situar dous, tres ou catro coros en distintas partes das igrexas, para conseguir efectos de proporcións grandiosas mediante o contraste entre masas.

·O policoralismo rompe coas normas da primeira práctica do estilo palestriniano, e os seus efectos de eco e de relevo sonoro pertencen ao novo xeito de concibir a música no barroco.

·O tema dos afectos que produce a música sobre a alma non é novo, é o que se denomina “**a teoría dos afectos**”. Na antigüidade foi obxecto de estudo . Os compositores barrocos non buscaban expresar os seus sentimentos individuais, senón que trataron de crear **obras que conmovesen os sentimentos do ser humano**. Deste xeito, para poder representar o variado número de sentimentos con forza e paixón buscaron recursos musicais que expresasen distintos estados de ánimo. Seguindo as prácticas de fins do Renacemento, pensaron en **representar a tristeza mediante o modo menor e o tempo lento, mentres que para manifestar a ledicia utilizaron o modo maior e o tempo rápido**.

PERIODIZACIÓN

Segundo a clasificación que Grout e Palisca fan na súa “*Historia da Música*”, pódense diferenciar tres períodos na música Barroca:

➤ **O primeiro barroco ou barroco temperán: 1580 – 1630**, marcado pola existencia dunha tonalidade experimental. As obras son breves e teñen moitas seccións. Aparece a monodia acompañada e a ópera. Búscase a disonancia. Comeza a diferenciarse entre música vocal e instrumental.


➤ **O segundo barroco ou barroco medio: 1630 – 1680**, onde a tonalidade é rudimentaria. Época da ópera e a cantata. Distinción entre aria, arioso e recitativo.

➤ **O terceiro barroco ou derradeiro barroco: 1680 – 1750**, caracterizado xa por unha tonalidade plenamente establecida e apoiada por un ritmo mecánico. A consecuencia disto, as formas musicais teñen máis extensión, destacando as formas instrumentais. Aparece o estilo concerto ben constituído, enfatizándose o ritmo mecánico. A música instrumental domina á vocal.

CARACTERÍSTICAS MUSICAIS

1) **Estabelecimento da tonalidade**, que vai regular a estrutura formal das obras.

A tonalidade será sistematizada polo compositor e teórico francés **Rameau** en 1722. Abandonáanse os antigos modos eclesiásticos e comeza a escribirse en dúas **modalidades: maior e menor**.



2) **Creación da monodia acompañada**, é dicir, unha melodía solista sostida por un baixo instrumental que recibe o nome de **baixo continuo**, co que se pon fin ao principio renacentista da igualdade das voces, xa que soprano e baixo constitúen as dúas liñas fundamentais, mentres que as demais voces intermedias funcionan coma un recheo harmónico.

3) A voz solista ten maior independencia e liberdade, gañando en expresividade, xa que existe unha gran consonancia harmónica entre todas as voces. No Barroco predominaba o gusto pola **decoración das melodías** tanto na música vocal coma na instrumental.

5) Búscanse **contrastes** de tempo, ritmo, intensidade e timbre instrumental.

6) Trabállase coa **espacialidade**, sobre todo no policoralismo.

7) Existen tres estilos: **“Música Teatralis”** (ou operística), **“Música Cubicularis”** (ou de cámara) e **“Música Eclesiástica”**. A música instrumental independízase e **predomina sobre a vocal**.

